



Guía Docente

Datos Identificativos					2011/12
Asignatura (*)	Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica		Código	652G01029	
Titulación	GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas				
Coordinación	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es		
Profesorado	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es		
Web					
Descrición xeral	A materia fundaméntase nos coñecementos obtidos en Medio Social e Cultural e a súa Didáctica, ampliándoos e, ao tempo, concretándoos no medio xeográfico e histórico de Galicia. Trátase da aprendizaxe de contidos da Xeografía e Historia de Galicia cunha orientación cara á aplicación práctica na educación infantil. Trabállase sobre temas e aspectos concretos da realidade xeográfica e histórica galega axeitados a esta etapa a fin de coñecer, deseñar, experimentar, e aplicar a metodoloxía didáctica que se precisa para o ensino do medio en Infantil.				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A14	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
A21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
A33	Coñecer os fundamentos científicos, matemáticos e tecnolóxicos do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
A37	Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
A39	Elaborar propostas didácticas en relación coa interacción ciencia, técnica, sociedade e desenvolvemento sustentable.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
A45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
A62	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
B1	Aprender a aprender.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B13	Capacidade para actuar de maneira sustentable na defensa do medio ambiente.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.



B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer e comprender a realidade xeográfica, histórica, social e cultural de Galicia como un espazo dinámico resultado da interacción coas sociedades humanas .	A62	B20 B24	
Coñecer e comprender a importancia que teñen as actividades humanas nas transformacións da paisaxe.	A40	B6 B13	C8
Coñecer e comprender as principais etapas da evolución histórica de Galicia e poñelas en relación cos vestixios do pasado que aínda están presentes no medio galego.	A36 A37	B20	
Coñecer e analizar os contidos referidos ao coñecemento do entorno do curriculum de educación infantil.	A1 A14 A33		
Recoñecer no entorno xeográfico, histórico e cultural galego aqueles recursos metodolóxicos e didácticos mais axeitados para traballar a área do entorno social e cultural galego.	A28 A30 A45	B11 B12 B22	C4
Fomentar actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A13 A40	B6	C6
Diseñar traballos de indagación sobre o entorno galego axeitados ó ensino infantil.	A21 A28 A39	B1 B5 B17	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1: Introducción ao Medio Xeográfico e Histórico de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> - Do contorno inmediato ao universal. - Unidade e diversidade de Galicia. - A paisaxe e a súa conformación. Paisaxes galegas.
Unidade 2.- O medio natural. Os recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Características do relevo; rede hidrográfica; a configuración da costa. - Factores climáticos. - Aproveitamento de recursos naturais: exemplos na vida cotiá e exemplos no patrimonio cultural.
Unidade 3: A poboación. Actividade económica. Sociedade e cultura en Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción á demografía. - Observacións en diferentes momentos históricos. - As familias: características e evolución dende os primeiros poboadores ate a actualidade. - As formas de vida tradicionais. As mudanzas da actualidade. - Da economía tradicional de autoconsumo á sociedade e economía actuais. - Manifestacións culturais.



Unidade 4. Paisaxes naturais, históricas e culturais.	<ul style="list-style-type: none"> -Iniciación á recolleita de información sobre a paisaxe a partir de imaxes, restos e reconstrucións arqueolóxicas, obras de arte e textos escritos. - As fontes de información e documentación no entorno. - Observacións de paisaxes naturais, históricas e culturais. - Elaboración de propostas didácticas.
Unidade 5: Introducción á Historia de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> - Liñas xerais para o coñecemento dos períodos, cronoloxía e características. - Fontes para o coñecemento ao longo da historia. - Potencial didáctico da historia e das fontes documentais e de información.
Unidade 6. Evolución histórica dende os primeiros poboadores.	<ul style="list-style-type: none"> - A Prehistoria e a Historia na educación Infantil: temas, aspectos, acontecementos significativos. - A vida cotiá dende os primeiros poboadores. - Acontecementos e feitos significativos ao longo da historia.
Unidade 7. Galicia contemporánea.	<ul style="list-style-type: none"> - A vida cotiá das xeracións inmediatas anteriores. - Temas, aspectos e acontecementos significativos: a emigración, da II República á democracia. - A vida no século XXI.
Unidade 8.- Temas monográficos no discurso da historia e recursos para a didáctica.	- Nesta unidade trataranse cuestións concretas que ao longo do curso vaian xurdindo, motivados polo interese que esperten os temas traballados, con especial atención ás propostas didácticas.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	16	1.6	17.6
Actividades iniciais	3	0	3
Análise de fontes documentais	3	4.5	7.5
Discusión dirixida	6	9	15
Saídas de campo	6	7.8	13.8
Traballos tutelados	6	15	21
Proba mixta	2	30	32
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. A partir dos esquemas iniciais e co apoio de documentación específica, iranse desenvolvendo a parte teórica dos contidos conceptuais da materia mediante metodoloxía explicativa.
Actividades iniciais	Cada bloque temático iniciarase con debates de ideas previas que poñen en relación o seu contido cos contidos traballados na asignatura Medio social e cultural e a súa didáctica.
Análise de fontes documentais	Ao longo de desenvolvemento da materia os estudantes terán a ocasión de coñecer e manexar diversas fontes para obter a información precisa para coñecer o medio xeográfico e histórico de Galicia. Mapas, monografías científicas, documentación privada e pública, información oral, manexo de fontes materiais, arquivos, páxinas web, son exemplos relevantes.
Discusión dirixida	Esta metodoloxía é fundamental para poñer en común os contidos recollidos nas fontes. Guía o traballo previo e concreta as conclusións e as aportacións dos grupos de traballo.
Saídas de campo	Estas actividades permiten desenvolver as capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática cara a recollida de información do medio xeográfico e histórico galego. Preséntase como a metodoloxía que máis incidencia ten nesta asignatura xa que por unha banda permite desenvolver as indagacións no medio e por outra resulta un dos mellores recursos para traballar o medio de Galicia no ensino infantil.



Traballos tutelados	Realización dun traballo sobre o tema ou temas propostos pola profesora, que versarán sobre dalgún dos aspectos incluídos no programa da materia. Os temas, características e metodoloxía serán concretados nas primeiras sesións. Serán presentados na aula.
Proba mixta	Divídese en: 1. Ao longo do curso iranse realizando probas sobre contidos teóricos impartidos nas sesións expositivas e traballados nas interactivas. Estas probas puntuarán ate 20. 2. Realizarase unha proba escrita na primeira oportunidade de avaliación que versará tanto sobre aspectos teóricos tratados na docencia expositiva como nos prácticos das sesións interactivas. Esta proba puntuará ate 50. Teranse en conta aspectos tales como coñecemento dos conceptos fundamentais da materia, corrección e claridade na expresión, capacidade de síntese, capacidade de relación, capacidade de traballo autónomo e en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os traballos tutelados terán un seguimento individual para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	Puntuará a asistencia e participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	10
Proba mixta	Consta de dúas partes: 1. Ao longo do curso iranse realizando probas continuas sobre contidos teóricos impartidos nas sesións expositivas e traballados nas interactivas. Estas probas puntuarán ate 20. 2. Realizarase unha proba escrita na primeira oportunidade de avaliación (xuño) que versará tanto sobre aspectos teóricos tratados na docencia expositiva como nos prácticos das sesións interactivas. Esta proba puntuará ate 50.	70
Traballos tutelados	Na avaliación terase en conta a metodoloxía utilizada, o coñecemento dos conceptos e procedementos axeitados para a súa realización e aplicación na E. Infantil, a corrección e claridade expositiva, as fontes de información e documentación e, en suma, a adecuación ás directrices que se indiquen.	20
Outros		

Observacións avaliación



Na avaliación terase en conta a asistencia a clase nas sesións expositivas e a asistencia e a participación activa nas sesións de docencia interactiva. Valoraranse os coñecementos adquiridos, a comprensión e capacidade de síntese, a claridade expositiva oral e escrita e a participación e cumprimento nas tarefas que se encomenden tanto individuais como en grupo.

-Na primeira oportunidade de avaliación terán carácter de NON PRESENTADO aqueles/as alumno/as que non concorran á "proba mixta", e non realizaran as actividades e tarefas encomendadas ao longo do curso que se inclúan nas metodoloxías relacionadas. Por tanto, para ter NON PRESENTADO non poden ter feito actividade ningunha da materia.

-Terán carácter de SUSPENSO aqueles/as alumnos/as que non téndose presentado á "proba mixta" tiveran realizado previamente calquera das outras actividades e tarefas encomendadas ao longo do curso que se inclúan nas "metodoloxías". De superaren as avaliacións destas actividades (que puntúan: 10 "saídas ao medio"; 20 "traballos tutelados"), conservaráselles a cualificación ate a segunda oportunidade de avaliación.

-Os/as alumnos/as que concorrendo a unha segunda oportunidade de avaliación non tiveran realizado as actividades de avaliación propia e as de avaliación continua, terán realizar esta proba única na que terán que facer fronte a preguntas relativas a aquelas, debendo obter nestas preguntas unha cualificación mínima de 5.0.

-Para superar a materia os/as alumnos/as deberán superar cada unha das dúas partes: proba mixta e a suma das dúas probas.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Medio social e cultural e a súa didáctica/652G01025

Materias que continúan o temario

Observacións

É fundamental a asistencia e participación activa tanto nas sesións maxistras como nas sesións interactivas, así como en todas as actividades desenvoltas no contexto da materia.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías